

Obxecto:	Resposta do Promotor ao Informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Maxal
Concellos:	Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo)
Promotor	GAENERGY,SL
Remitido:	Servicio de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética. Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2019/40
Expte.:	03.I.539.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3052/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 20.04.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servicio de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado de nova documentación aportada polo promotor en resposta aos requirimentos feitos no informe do 21.10.2021 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, relativo ao Parque Eólico Maxal. A tales efectos facilítase a ligazón para descargar a seguinte documentación *PE Maxal. Memoria AIA Proyecto Modificado, 2022.*

- *PE MAXAL-EA-RESPUESTA_2 INFORME_21.10.21 _DXPC*
- *PE MAXAL-MEMORIA AIA PROYECTO MODIFICADO_06.04.22*
- *PE MAXAL-SHP-PROYECTO MODIFICADO*
- *PE MAXAL-SHP-LOCALIZACIÓN INFOGRAFÍAS.*

ANTECEDENTES E FEITOS

O 23.09.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural autoriza a intervención de prospección para o *Estudo do Impacto arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Maxal (Pontevedra e Lugo)*, (CT102A 2019/609) dirixido pola arqueóloga Paz Blanco Sanmartín. A Memoria de Avaliación está baseada na prospección do 2019, cunha revisión en febreiro do 2022 das zonas afectadas polas modificacións no proxecto construtivo.

O 19.08.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe, no trámite de consultas da avaliación ambiental ordinaria, no que, entre outras consideracións, sinalase que o Estudo de Impacto Ambiental deberá contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural de todo o ámbito afectado polo proxecto tanto do parque eólico (definido pola poligonal do proxecto) como da liña eléctrica de evacuación, de enerxía e os accesos a empregar ata o parque desde as estradas xerais.

O 21.10.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente os documentos de *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Maxal, Noviembre 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Maxal. Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla y Taboada(Lugo) Octubre 2020*, coas medidas correctoras establecidas no Anexo H do Estudo de Impacto Ambiental, e as seguintes **condicións**:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallan as actuacións concretas necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muiños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Previo ao inicio da obras, realizárase unha roza e retirada da vexetación baixo control arqueolóxico das zonas recollidas no Anexo H: Zona de *Penas Grandes (GA27003088 e GA36047013)* para delimitar os perímetros dos xacementos e poder realizar un correcto balizado, na denominada *Zona do Picouto* deberá realizarse a limpeza de vexetación con control arqueolóxico previa, para valorar se a instalación do MX09 supón algún risco para bens arqueolóxicos aínda por localizar. Asemade, deberá realizarse unha limpeza de vexetación previa no *Indicio do Cotiño/Túmulo do Cotiño (RE36047009)* para verificar a súa existencia e poder delimitalo e establecer a súa zona de afección. De confirmarse a presenza dun xacemento arqueolóxico, deberá desprazarse a TM, o viario de acceso e a gabiá de cableado proxectada. No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse os resultados inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



- Deberá desprazarse o MX01 e as súas infraestruturas asociadas (accesos e gabiá de cableado) fóra do contorno de protección do Castro da Pena Grande (GA27003088), sendo necesario realizar un estudo de visibilidade da nova localización do MX01 con relación ao Castro de Pena Grande (GA27003088).
- Deberá desprazarse o MX05 e as súas infraestruturas asociadas (accesos e gabiá de cableado) fóra do contorno de protección dos bens *Túmulo da Chousa (GA36047180)* e *Túmulo da Carpaceira (GA36047179)*.
- En relación co acceso ao aeroxerador MX02, buscarase preferiblemente outro itinerario que non afecte ao contorno de protección dos elementos catalogados (Igrexa e cruceiro das Areas) ou ben desprazarse a rectificación da curva máis ao sur, de xeito que o contorno non resulte afectado. De non ser posible, previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento técnico onde se defina en detalle o proxecto de modificación do vial ao seu paso polo contorno de protección destes elementos, para a correspondente autorización por esta DXPC. Esta documentación deberá conter planimetría de detalle acotada, con seccións transversais nas que se representen os elementos catalogados en relación coa obra proxectada, así como unha proposta de medidas correctoras específicas para a integración das obras no contorno de protección afectado.
- Respecto do cruceiro de Salto, debido ao risco da integridade do elemento, polo posible paso de vehículos da obra e a apertura de gabiá de cableado a 12 m do pedestal, será necesario a aplicación das medidas correctoras establecidas no Anexo H *Estudo arqueolóxico*, así como control e seguimento presencial das obras de apertura da gabiá.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo H do EsIA. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Os resultados das rozas e novas propostas de emprazamento dos aeroxeradores MX01, MX05 a TM e as súas infraestruturas asociadas deberán ser informadas a DXPC.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- Deberase corrixir a planimetría do Anexo H, planos 2.1 e 2.2 revisando os códigos de identificación dos xacementos e algúns dos nomes dos xacementos, por conter erros.
- As fichas incluídas na memoria do Anexo H deberán incluír os códigos e nomes de xacementos. En todo caso deberá haber coincidencia entre códigos e nomes entre planimetría e memoria.
- Respecto ao proxecto sectorial:
 - A relación de elementos patrimoniais incluída no apartado 3.5 atopase incompleta, recolle 19 elementos do patrimonio cultural (16 arqueolóxicos), cando o EsIA recolle 50 elementos, deberá revisarse e corrixirse.
 - O PS deberá incluír os resultados da prospección arqueolóxica recollidos no Anexo H do EsIA.
 - Na planimetría deberán reflectirse todos os cambios xerados polas condicións impostas polo informe favorable desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao EsIA.
 - No caso de identificarse novos bens do patrimonio cultural, os concellos de Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo), deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística, e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei*



43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm.101, do 27.05.2022)

Á vista da documentación agora achegada, e en relación co Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

A empresa promotora mostra a súa conformidade co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 21.10.2021, e manifesta a posibilidade técnica de executar algunhas das condicións establecidas no antedito informe, que se plasman no documento *Memoria de Avaliación de Impacto patrimonial das Modificacións na planta do parque Eólico Maxal. Pontevedra e Lugo. Memoria Modificacións 2022*. Neste documento detállanse as modificacións na planta do parque eólico Maxal (recolocando algunhas das infraestruturas do parque) de acordo informe desta Dirección Xeral:

- Corríxense os códigos de identificación e nomes de xacementos tanto na planimetría como nas fichas no Anexo H.
- En relación coa avaliación do impacto cultural dos accesos ao parque así como a proposta dunha alternativa de acceso á máquina MX02 (para evitar a afección aos contornos de protección da Igrexa e cruceiro de Areas), indícase que nestes momentos está en fase de estudo e que remitirán a proposta para o seu informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Os cambios que se proxectan realizar recóllense nos apartados 4.- *Modificación do proxecto construtivo*:
 - 4.1. *Aeroxerador MX01*.- Na memoria do 2020 situábase a 180 ao W-NW das estruturas visibles exteriores do xacemento **Castro da Pena (GA27003088 e GA36047014 no PBA)**. A nova localización sitúase a 320 m ao W do xacemento e a unha cota máis baixa, mellorando o impacto visual.
 - 4.2. *Aeroxerador MX05*.- No deseño do 2020 localízase a 150 m ao N-NW do **Túmulo da Carpaceira (GA36047179)**, o desprazamento desta máquina ven condicionado pola proximidade de núcleos de poboación e por unha estrada no NW, polo que a nova localización so se despraza 30 metros cara o NW.
 - 4.3. *Torre Meteorolóxica*.- Modifícase a súa localización fora dos 200 m do posible xacemento denominado **Indicio do Cotiño (RE36047009)**.
 - 4.4. *Proposta para recolocación do MX04*.- Modifícase a localización e gabiá de cableado cara o NW fora do ámbito de protección dos 200 m do xacemento do **Castro de Pena Escachelada ou Castro de Cibreiro (GA27003010)**.
- *Apartado 5.2.- Categorización dos impactos.*

Código	Elementos	Axente de impacto e xustificación	Impacto
BIC047504 GA36047011	Zona arqueolóxica de coto dos Mouros	Todas as obras sitúanse fora da área de protección da Zona Arqueolóxica.	Sen Impacto
GA36047013	Castro Pequeno	A 305 m ao W do xacemento viario cara o aero MX02	Sen Impacto
GA27003088 / GA36047014	Castro da Pena Grande	A 321 m ao W do xacemento situase a plataforma do aero MX02	Sen Impacto
RE36047009	Indicio do Cotiño	A 214 m ao SL do xacemento a gabiá de cableado e a Torre Meteorolóxica	Sen Impacto
GA27003010	Castro de Pena Escachelada ou Castro de Cibreiro	A 200 m ao W do castro o acceso ao aero MX04, e a 236 m ao N do xacemento o aero MX04. Un camiño existente no SW, na base do castro, podería utilizarse durante as obras.	Compatible
	Indicio de Puza	Un viario do parque eólico Monte Cabeza, podería	Compatible



		utilizarse, situase xunto ao elemento.	
GA36047065 GA36047144	Mámoa da Revolta de Vales 1 Mámoa da Revolta de Vales 2.	Unha estrada que podería utilizarse polos vehículos de obra situase a escasos metros ao S. Atópanse destruídas.	Compatible
Igrexa e cruceiro	Igrexa parroquial e Cruceiro de Santa Cristina de Areas	Modificarase a estrada xunto aos elementos patrimoniais, ca ampliación nunha curva a 5 m ao S do muro exterior do cemiterio da Parroquia de Santa Cristina de Areas e a 18 do Cruceiro.	Moderado
Cruceiro	Cruceiro de Salto	A 12 m ao leste do elemento proxectase a gabia de cableado. As estradas situadas ao carón do elemento poderían ser utilizadas polos vehículos de obra.	Moderado
GA36047179	Túmulo da Carpaceira.	O aeroxerador MX05 situase a 180 m ao N-NW do xacemento	Moderado
GA36047180	Túmulo da Chousa 1	A gabia de cableado por un viario existente a 70 m ao N do xacemento	Severo

- Establécense medidas correctoras de carácter xeral: sinalización nos planos de obras os xacementos arqueolóxicos dentro da área da poligonal, non se realizaran remocións, nin acopios non previstas en ningunha zona da área sen consultar cos arqueólogos. Calquera obra ou modificación de camiños non prevista deberá contar ca aprobación e supervisión dos arqueólogos encargados do seguimento arqueolóxico. As obras de toda as infraestruturas quedan restrinxidas as áreas marcadas na planimetría. Quedará prohibido o tránsito e estacionamento de maquinaria fora das áreas sinaladas para tal fin nas zonas inmediatas aos xacementos
- Como medidas correctoras específicas: realizarase un deseño semanal do plan de obra, revisión do replanteo e control da limpeza da vexetación, especialmente nas zonas delimitadas na planimetría como *Area de Control Específico*. Zona de instalación do aero MX09 (Zona de O Picouto), contorna dos aros MX01 e MX02 (Zona da Penas Grandes):

Código	Elemento	Impacto	Medidas específicas
BIC047504 GA36047011	Zona arqueolóxica de coto dos Mouros	Sen Impacto	Control arqueolóxico do replanteo da gabia na zona do límite da área de protección da Zona Arqueolóxica. Control e seguimento arqueolóxico na apertura da gabia neste tramo.
GA36047013	Castro Pequeno	Sen Impacto	Control arqueolóxico da retirada da vexetación e posterior control arqueolóxico do replanteo e remoción de terras na zona de localización do aero MX01 o viario e a gabia de cableado. O control do replanteo e da remoción de terras será presencial. A maquinaria de obra non poderá utilizar os camiños existentes na contorna dos xacementos.
GA27003088 / GA36047014	Castro da Pena Grande	Sen Impacto	Control arqueolóxico da retirada da vexetación e posterior control arqueolóxico do replanteo e remoción de terras na zona de localización do aero MX01 o viario e a gabia de cableado. O control do replanteo e da remoción de terras será presencial. A maquinaria de obra non poderá utilizar os camiños existentes na contorna dos xacementos.
RE36047009	Indicio do Cotiño	Sen Impacto	Durante as obras revisarase a zona, si a vexetación o permite.
GA27003010	Castro de Pena Escachelada ou Castro de Cibreiro	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras de construción do aero MX04 e viario de acceso a gabia de cableado.
	Indicio de Puza	Compatible	Sinalización da situación do elemento e a súa área de protección nos planos de obra.
GA36047065 GA36047144	Mámoa da Revolta de Vales 1 Mámoa da Revolta de Vales 2.	Compatible	Sinalización da situación dos xacementos (hoxe en día desaparecidos) e a súa área de protección nos planos de obra.
Igrexa e cruceiro	Igrexa parroquial e	Moderado	Sinalización dos elementos e as súas bandas de protección na



	Cruceiro de Santa Cristina de Areas		planimetría de obra. Balizado do lateral das obras na zona próxima ao cruceiro e a igrexa, control do replanteo das obras. Control e seguimento presencial dos traballos que impliquen remoción de terras.
Cruceiro	Cruceiro de Salto	Moderado	Sinalización do elemento e da súa área de protección. Balizado da base do cruceiro. Control e seguimento das obras de escavación da gabia
GA36047179	Túmulo da Carpaceira.	Moderado	Control arqueolóxico do replanteo do viario da gabia e do MX05 , control da retirada da vexetación das zonas a ocupar polas obras. Control arqueolóxico presencial na remoción de terras. Deberá manterse a barreira vexetal entre o aero eo túmulo . Verificarase o estado actual do túmulo tendo en conta a recente construción dunha granxa no no SL.
GA36047180	Túmulo da Chousa 1	Severo	Control e seguimento arqueolóxico presencial na escavación da gabia proxectada a uns 70 m ao norte utilizando un camiño existente, situarase na marxe mais afastada do xacemento..

- No *apartado 6.3.- Medidas compensatorias*, propónse promoción dos bens do patrimonio cultural situado na área definida pola poligonal mediante un traballo de divulgación social. Realización dun estudo de cada un dos bens cun levantamento topográfico, rutas temáticas e a confección de folletos divulgativos e paxina web. Ademais expoñen a posibilidade de adquirir en propiedade a parcela na que se sitúa o xacemento Coto dos Mouros (GA36047011), protexido como BIC, para posteriormente transferir este xacemento á administración municipal ou autonómica para a súa xestión e conservación. Propónse ademais a limpeza da vexetación dos Túmulos, levantamento 3D, así como manter os xacementos limpos durante o período de explotación da instalación.
- No *apartado 9.-Anexo.-Análisis de visibilidade de la nueva posición del aeroxerador MX01 en relación con el Castro da Pena Grande (GA27003088/GA36047014) y Castro Pequeno (GA360470139) Febrero 2022*. Como resposta ao informe da DXPC (21.10.2021), realizase a simulación de visibilidade do aeroxerador MX01 na súa posición modificada. Afastase o aeroxerador do xacemento e a nova localización ten unha cota altimétrica inferior, aminorando o impacto visual.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada, se informa de xeito **favorable** o documento *PE Maxal. Memoria AIA Proyecto Modificado, 2022*, coas medidas correctoras recollidas neste documento e mantendo o condicionado do informe da dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 21.10.2021. Asemade, deberase ter en conta as seguintes condicións e consideracións:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións concretas necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- En relación co acceso ao aeroxerador MX02, buscarase preferiblemente outro itinerario que non afecte ao contorno de protección dos elementos catalogados (Igrexa e cruceiro das Areas) ou ben desprazarase a rectificación da curva máis ao sur, de xeito que o contorno non resulte afectado. De non ser posible, previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento técnico onde se defina en detalle o proxecto de modificación do vial ao seu paso polo contorno de protección destes elementos, para a correspondente autorización por esta DXPC. Esta documentación deberá conter planimetría de detalle acotada, con seccións transversais nas que se representen os elementos catalogados en relación coa obra proxectada, así como unha proposta de medidas correctoras específicas para a integración das obras no contorno de protección afectado.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao



establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar apareladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo H do EsIA. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- Respecto ao proxecto sectorial:
 - A relación de elementos patrimoniais incluída atopase incompleta, recolle 19 elementos do patrimonio cultural (16 arqueolóxicos), cando o EsIA recolle 50 elementos, deberá revisarse e corrixirse.
 - O PS deberá incluír os resultados da prospección arqueolóxica recollidos no Anexo H do EsIA.
 - Na planimetría deberán reflectirse todos os cambios xerados polas condicións impostas polo informe favorable desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao EsIA.
 - O proxecto sectorial deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
 - Os contornos de protección dos bens serán definidos nos planeamentos correspondentes, e no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollese para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
 - Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollese a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integran dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.

 - No caso de identificarse novos bens do patrimonio cultural, os concellos de Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo), deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística, e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servicio de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética. Vicepresidencia primeira, Consellería de Economía, Empresa e Innovación

